

TAREFA 3.3 :

PLANIFICACIÓN DUNHA VIAXE DE NEGOCIOS COMO ADMINISTRATIVO/A DE EMPRESA

Imaxina que eres administrativo/a dunha empresa.

O/A teu Xefe/a encárgache que organices unha viaxe a unha feira profesional para dúas persoas, (feira que estará relacionada coa actividade que leve a cabo a empresa e/ou co sector e/ou cunha nova liña de negocio que a empresa desexa poñer en marcha.

Indícanche que para esta viaxe debes axustar o presuposto, para que sexa o máis razoable posible e non supere según as estimacións os 700 euros.

En primeiro lugar, debes situarte nunha empresa da que ti formas parte como Administrativo/a, esta empresa pode estar situada no Concello de Vigo e/ou en Concellos limítrofes(O Porriño, Redondela, Nigrán, Pontevedra....)

Traballo a realizar:

1º) Describir a Empresa: Dónde está, cal é o seu nome, en que sector se ubica e que actividade desenvolve.....

2º) Debes buscar a feira profesional a que asistir en calquer lugar de España, tendo presente que as máis importantes son en Madrid, Barcelona, Bilbao e Valencia..... Tes que ter en conta que algunhas feiras non son gratuítas.

3º) Tes que planificar a túa viaxe desde Vigo, para calquer día dos próximos meses: novembro, decembro e/ou incluso principios do próximo ano.

4º) Non irás so/soa, irás co teu xefe/a que é quen che encarga esta planificación e a quen e terás que contarlle a túa proposta.

5º) Podes utilizar calquer medio de transporte(terrestre ou aéreo).

6º) Tes que pasar polo menos dúas noites fora, como mínimo... pero co aproveitamento de dous días enteiros na feira que elixas, tendo en conta que deberás contar cun establecemento hoteleiro para durmir e tamén deberás almorzar, comer e cear todos os días, dun xeito digno.....Podes facer unha estimación para as comidas/ceas en función da oferta que poidas atopar no lugar da feira.

7º) Toda a planificación da viaxe (custes, páxinas webs consultadas, aplicacións,.... ou ofertas que atopas...) debes poñelas nun documento a modo de presentación e logo en aproximadamente cinco minutos comentarlle ao teu xefe/a o resultado das túas pesquisas para levar a cabo unha boa viaxe!!

Valorarase a exposición oral(linguaxe verbal e non verbal), así como o apoio visual na explicación desta futura viaxe de negocios.